

SISTEMAS DE COMUNICACIÓN INTERNOS DO CTA-GA

A Federación Galega de Balonmán comunica a supresión de todos os grupos de whatsapp existentes ata o de agora para axilizar a comunicación entre o colectivo arbitral por parte do Comité Técnico de Árbitros. A finalidade para a que foron creados ditos grupos non ten nada que ver co uso que están a ter actualmente. A día de hoxe os grupos de whatsapp carecerán de oficialidade; calquera membro/a do colectivo, a título persoal, poderá crear os grupos que considere, sempre ao marxe da Federación Galega de Balonmán.

O Comité Técnico de Árbitros da Federación Galega de Balonmán e a propia Federación, a partir de agora enviarán todas as comunicacións oficiais vía email ao enderezo que figura na área privada de MiSquad; a Federación poderá chegar a utilizar o whatsapp privado ou a chamada telefónica para avisos de carácter urxente tan só cando se considere que o tempo de reacción é mínimo.

A Federación Galega de Balonmán non se responsabilizará dos comentarios realizados nos grupos de whatsapp ou calquera outro medio de comunicación grupal que os membros do colectivo creen a nivel persoal, pero resérvase o dereito a tomar medidas contra calquera membro/a do colectivo que emita información falsa ou calquera falta de respecto hacia a propia Federación ou ós seus membros.

En Vigo a 20 de Outubro de 2019

